



**CONVENIO DE COLABORACIÓN CULTURAL ENTRE A CONSELLERÍA DE CULTURA,
EDUCACIÓN E UNIVERSIDADE E O CONCELLO DE A CORUÑA PARA O
FINANCIAMENTO DE GASTOS CORRENTES DA ORQUESTRA SINFÓNICA DE GALICIA**

MEMORIA XUSTIFICATIVA

O secretario xeral de Cultura, da Consellería de Cultura, Educación e Universidade,

DECLARA:

Que esta Secretaría Xeral de Cultura ten previsto formalizar co Concello da Coruña o instrumento convencional arriba referido por un período de vixencia que abrangue dende a data de sinatura ata o 31 de decembro de 2021.

Que o instrumento convencional ten por obxecto:

Establecer as condicións polas que se rexerá a colaboración entre a Consellería de Cultura, Educación e Universidade e o Concello da Coruña para o financiamento de parte dos gastos correntes do Consorcio para a promoción da Música, concretamente da Orquestra Sinfónica de Galicia, durante o ano 2021.

Que existe converxencia de intereses entre as entidades asinantes en orde á consecución do obxecto referido.

Que o instrumento convencional que se pretende asinar se fundamenta no seguinte: Dentro do seu ámbito de competencias, a Consellería de Cultura, Educación e Universidade vén desenvolvendo unha serie de actuacións encamiñadas á divulgación e promoción da cultura e para achegar o máis posible o noso patrimonio cultural á sociedade en xeral.



Que o Concello da Coruña e Amigos da Ópera constituíron no ano 1991 o Consorcio para la promoción de la Música, encargado da xestión directa da Orquestra Sinfónica de Galicia e que ten por obxecto difundir a música mediante actuacións da citada orquestra e a realización de gravacións e transmisións por radio, televisión e outros medios de comunicación, así como a promoción de toda clase de actividades musicais, a través da colaboración con agrupacións, organismos e institucións nacionais ou estranxeiras.

Que os intereses converxentes das partes asinantes exclúen o ánimo de lucro e non poden satisfacerse axeitadamente mediante a celebración dun contrato dos contemplados na Lei 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, ou doutro instrumento alleo á natureza estritamente convencional.

En atención ao exposto, e a fin de dar cumprimento ao preceptuado no artigo 15.2. da Lei 1/2016, de 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, estímase xustificado o recurso á sinatura do convenio que se pretende, con exclusión doutras figuras

E para que conste, asíñase esta memoria

(asinado dixitalmente)



